

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 27 DE XUÑO DO 2024.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p align="center">Interventor: GONZALEZ MARIÑO JORGE</p> <p align="center">Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as do día de do , reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 20/06/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202406/361

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/06/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "SANEAMENTO CON BOMBEO E ABASTECIMENTO NO LUGAR DE LIXÓ""



3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202406/362

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 20/06/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN DA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO (AGUIÑO)””

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202406/426

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 25/06/2024. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUIRIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO PARA EJECUTAR LAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DE LOS ESPACIOS EXTERIORES DEL FARO DE CORRUBEDO”. FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202406/427

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 25/06/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE “ADECUACIÓN FUNCIONAL, MEJORA Y MODERNIZACIÓN DE LA RÚA MENDIÑO”. FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202406/435

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 25/06/2024. DECRETO: “ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE CONSERXERÍA, PORTERÍA, CONTROL E SUPERVISIÓN DO PARKING MUNICIPAL-PRAZA DO CENTENARIO””

7.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna

Visto o escrito presentado por Juan José Segade Iglesias en representación da **Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna**, de data 24/06/2024 (Rexistro de entrada nº 16.265), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Améndoas garrapiñadas), os días 17 a 25/06/2024 (17 e 25 montaxe/desmontaxe), na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira), co motivo da celebración da Festa da Dorna.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna** para a instalación dun posto de venda ambulante (Améndoas garrapiñadas), os días 17 a 25/06/2024 (17 e 25 montaxe/desmontaxe), na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira), co motivo da celebración da Festa da Dorna.



- b) **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

8.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE DOUS POSTOS DE VENDA AMBULANTE – Eva Petrovich Díaz

Vistos os escritos presentados por **Eva Petrovich Díaz**, de data 25/06/2024 (Rexistros de entrada nº 16.364 e 16.365), nos que solicita autorización para a instalación de dous postos de venda ambulante (Mojitos + comidas), o día 29/06/2024, na Praza de Pontevedra (Ribeira), co motivo da celebración da Festa de Bandourrío.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **Eva Petrovich Díaz** para a instalación dous postos de venda ambulante (Mojitos + comidas), o día 29/06/2024, na Praza de Pontevedra (Ribeira), co motivo da celebración da Festa de Bandourrío.
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- c) **Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

9.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Ricardo Orlando García Carames

Visto o escrito presentado por **Ricardo Orlando García Carames**, de data 24/06/2024 (Rexistro de entrada nº 16.252), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante tipo “Food Truck” (Choripán), o días 29/06/2024, en Bandourrío (Ribeira), co motivo da celebración da Festa de Bandourrío.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** a **Ricardo Orlando García Carames** para a instalación dun posto de venda ambulante tipo “Food Truck” (Choripán), o días 29/06/2024, en Bandourrío (Ribeira), co motivo da celebración da Festa de Bandourrío.
- b) **Deberá proceder ao pago das taxas municipais correspondentes antes no inicio da actividade.**
- c) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- d) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.



- e) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10.- SOLICITUDE INSTALACIÓN ATRACCIÓN DE FEIRA – Francisco Cazador Serafín

Visto o escrito presentado por **Francisco Cazador Serafín**, de data 26/06/2024 (Registro de entrada nº 16.517), no que solicita autorización para a instalación dunha atracción de feira (Inchable), o día 29/06/2024, na Praza dos Mariñeiros (Ribeira), co motivo da celebración da Festa de Bandourrío.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar a Francisco Cazador Serafín** para a instalación dunha atracción de feira (Inchable), o día 29/06/2024, na Praza dos Mariñeiros (Ribeira), co motivo da celebración da Festa de Bandourrío.
- Deberá estar en posesión da correspondente documentación obrigada e actualizada para a instalación de atraccións de feira, así como a necesaria póliza de seguro de responsabilidade civil.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

11.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE CADUCIDADE DA LICENZA DE OBRA Nº 403/2006 CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN CELEBRADA O DIA 3 DE AGOSTO DE 2006.

LICENZA DE OBRA Nº 403/2006: Construción de edificio de vinte e dous (22) vivendas e edificio de corenta e tres (43) apartamentos.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado con aplicación do P.E.R.I. nº 29 Palmeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal do Concello de Ribeira, en sesión celebrada na data 31 de Outubro de 2005 e publicado no Boletín Oficial da Provincia número 276, de 2 de decembro de 2005 e no Diario Oficial de Galicia número 244, de 22 de decembro de 2005.

REFª CATASTRAL: 15074A00701233.

SITUACIÓN: Lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira.

INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sr. Juan Luis Pérez Rodríguez, (DNI 32.443.538-Z).

PROMOTOR/A: CORAL HOMES S.L. (CIF B88178694).

INSTRUCTOR/A: Funcionario, Sr. José Martínez de Llano Orosa.

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 14 de xullo de 2023.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Visto o escrito presentado polo Sr. Juan Luis Pérez Rodríguez, (DNI 32.443.538-Z), rexistrado de entrada o día 10 de febreiro de 2021, (Registro de entrada nº 1.889), mediante o que solicita a declaración de caducidade da licenza de obranº 403/06.

2º.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 3 de agosto de



2006 que por unanimidade acorda conceder á entidade GRUPO INMOBILIARIO EIRA licenza de obra nº 403/06 para construción de edificio de vinte e dous (22) vivendas e edificio de corenta e tres (43) apartamentos no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira a, en parcela con refª catastral nº 15074A00701233.

3º.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 5 de outubro de 2006, por unanimidade acorda conceder o cambio de titularidade da licenza de obra nº 403/06 e da documentación correspondente ao Proxecto de Urbanización do Plan Especial de Reforma Interior do Polígono nº 29, en favor da entidade INVERSIONES GRUPO PROMOEIRA S.L.

As condicións xerais da licenza nº 403/2006, fixaba como prazo máximo para o comezo das obras o período de seis meses, dispoñendo que como prazo máximo para o remate das obras vinte e catro (24) meses.

4º.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2009, por unanimidade acorda conceder prórroga por un prazo de vinte e catro (24) meses á entidade INVERSIONES GRUPO PROMOEIRA S.L.

5º.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 10 de marzo de 2011, por unanimidade acorda conceder licenza de primeira ocupación parcial para a primeira fase isto é o edificio de corenta e tres (43) apartamentos á entidade INVERSIONES GRUPO PROMOEIRA S.L.

6º.- Visto que actualmente a propietaria do inmovible é entidade CORAL HOMES S.L. e que a segunda fase que consistía na construción de edificio de vinte e dous (22) vivendas atópase en estado de abandono, o cal non chega ao 25% de execución do total.

7º.- Visto o informe emitido polo arquitecto municipal Sr. Óscar Pidre Mosquera con sinatura dixital emitido o día 5 de decembro de 2023 tras xirar visita de inspección ao lugar, e co seguinte tenor literal:

“
(...)

INFORME URBANÍSTICO

Exp.: 2023 CADL000002

Don Juan Luis Pérez Rodríguez, con NIF 32.443.538-Z, solicita declaración de caducidade de Licenza de Obras en el Polígono 29, situado en Insuela, Palmeira, con referencia catastral 15074A00701233, polo que

Informo,

1. ANTECEDENTES

Acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de agosto de 2006, concedendo licenza de obras para a construción de edificio 22 vivendas e edificio de 43 apartamentos en Insuela (Palmeira), na situación correspondente ó PERI 29, do Plan Xeral, con número de expediente 403/2006, cun prazo de execución de 24 meses.

Prórroga de 24 meses, ao prazo de execución acordada pola Xunta de Goberno Local celebrada o 12 de febreiro de 2009.



Acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de marzo de 2011, concedendo Licenza de Primeira Ocupación Parcial ao edificio de 43 apartamentos.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre o resultado da inspección realizada á parcela de referencia con data 04.12.2023, e a súa situación urbanística.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Inspección da Obra

Na visita de inspección realizada o día 4 de decembro de 2023, recolléronse os seguintes datos:

- Referencia catastral da parcela: 15074A00701233
- Tipo de Obra: Construción de vivendas unifamiliares
- Non foi posible acceder ao interior do inmovible.

O estado das obras apréciase nas seguintes imaxes realizadas na inspección:





Compróbase que se encontra executada a estrutura de 4 edificacións, en estado de abandono, o cal non chega ao 25% de execución do total.

5. CONCLUSIÓN

Polo tanto, á vista das consideracións expostas infórmase que procede:

- *As obras encóntranse en estado de abandono desde hai anos, polo que o prazo de execución concedido (incluso ca prórroga concedida no ano 2011), encóntrase finalizado.*
- *Procede iniciar trámite de declaración de caducidade da licenza, o que extinguirá a licenza, non podéndose iniciar nin proseguir as obras se non se solicita e obtén unha nova axustada á ordenación urbanística en vigor.*

6. OBSERVACIÓNS

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, a cal someto a calquera outra mellor formada. Ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste da actuación pretendida á legalidade vixente.



O arquitecto municipal

Oscar Pidre Mosquera
(documento asinado dixitalmente)

(...)
“

8º.- Visto como consecuencia do anterior o Decreto de Alcaldía de data 6 de febreiro de 2024, mediante o que se incoaba expediente de caducidade da da licenza de obras nº 403/06 da que actualmente é titular a entidade CORAL HOMES S.L., no que respecta a segunda fase para executar un edificio de vinta e dous (22) vivendas, no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A00701233 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no Decreto 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, co seguinte tenor literal:

“
(...)

PRIMEIRO.- Incoar expediente de caducidade da licenza de obras nº 403/06 da que actualmente é titular a entidade CORAL HOMES S.L., no que respecta a segunda fase para executar un edificio de vinta e dous (22) vivendas, no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A00701233, licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 5 de outubro de 2006, e que únicamente contaba con prórroga para a súa execución concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2009, por un prazo de vinta e catro (24) meses, isto é o prazo de execución expirou o 12 de febreiro de 2011.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución ao interesado, entendendo como tal á entidade CORAL HOMES S.L. e ao Sr. Juan Luis Pérez Rodríguez concedéndolles audiencia por un prazo de 15 días hábiles co obxecto de que poida alegar e presentar cantos documentos e xustificacións estime pertinentes, en aplicación da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Comunicar á entidade interesada que contra o acordo de incoación do expediente de caducidade da licenza de obra, por ser un acto de trámite, non cabe recurso ningún, podendo o interesado únicamente, segundo a Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, alegar a súa oposición ó mesmo para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento.

(...)
“

9º.- Visto en cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, que a notificación do Decreto de que se incoaba expediente de caducidade da licenza de obra nº 403/2006 practicouse á entidade CORAL HOMES S.L o día 21 de febreiro de 202 e ao Sr. Juan Luis Pérez Rodríguez o día 11 de marzo de 2024, emprazándose aos interesados para o trámite de audiencia.



10º.- Vista a alegación presentada en cumprimento do artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas pola entidade CORAL HOMES S.L en escrito de día 7 de marzo de 2024, (Rexistrado de entrada no Concello nº 5.833).

11º.- Vistos os antecedentes obrantes no expediente, o arquitecto municipal Sr. Óscar Pidre Mosquera xira nova visita de inspección ao lugar, tras a que emite o seguinte informe técnico con sinatura dixital de día 14 de maio de 2024 co seguinte tenor literal:

“
(...)

INFORME URBANÍSTICO

Exp.: 2023 CADL000002

Don Juan Luis Pérez Rodríguez, con NIF 32.443.538-Z, solicita declaración de caducidade de Licenza de Obras en el Polígono 29, situado en Insuela, Palmeira, con referencia catastral 15074A00701233, polo que

Informo,

7. ANTECEDENTES

Acordo da Xunta de Goberno Local de 3 de agosto de 2006, concedendo licenza de obras para a construción de edificio 22 vivendas e edificio de 43 apartamentos en Insuela (Palmeira), na situación correspondente ó PERI 29, do Plan Xeral , con número de expediente 403/2006, cun prazo de execución de 24 meses.

Prórroga de 24 meses, ao prazo de execución acordada pola Xunta de Goberno Local celebrada o 12 de febreiro de 2009.

Acordo da Xunta de Goberno Local de 10 de marzo de 2011, concedendo Licenza de Primeira Ocupación Parcial ao edificio de 43 apartamentos.

8. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre o resultado da inspección realizada á parcela de referencia con data 04.12.2023, e a súa situación urbanística.

9. LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG*
- *Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA*
- *Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL*

10. CONSIDERACIÓNS

10.1. Inspección da Obra

Na visita de inspección realizada o día 4 de decembro de 2023, recolléronse os seguintes datos:

- *Referencia catastral da parcela: 15074A00701233*
- *Tipo de Obra: Construción de vivendas unifamiliares*
- *Non foi posible acceder ao interior do inmovible.*



O estado das obras apréciase nas seguintes imaxes realizadas na inspección:



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 28/06/2024
 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 28/06/2024
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
 Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 28/06/2024 13:46:40

DOCUMENTO: 20241349465

Fecha: 28/06/2024

Hora: 13:46

CSV: 07E80014975900B6T7A9O8M4S1





Compróbase que se encontra executada a estrutura de 4 edificacións, en estado de abandono, o cal non chega ao 25% de execución do total.

O estado das obras apréciase nas seguintes imaxes realizadas na inspección:



11. CONCLUSIÓNS

Polo tanto, á vista das consideracións expostas infórmase que procede:

- *As obras encóntranse en estado de abandono desde hai anos, polo que o prazo de execución concedido (incluso ca prórroga concedida no ano 2011), encóntrase finalizado.*
- *Procede iniciar trámite de declaración de caducidade da licenza, o que extinguirá a licenza, non podéndose iniciar nin proseguir as obras se non se solicita e obtén unha nova axustada á ordenación urbanística en vigor.*

12. OBSERVACIÓNS

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, a cal someto a calquera outra mellor formada. Ten carácter exclusivamente técnico, sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario para o axuste da actuación pretendida á legalidade vixente.



O arquitecto municipal

Oscar Pidre Mosquera
(documento asinado dixitalmente)

(...)
“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O departamento de urbanismo do Concello de Ribeira levou a cabo actuacións previas de inspección para coñecer as circunstancias do estado da edificación sita no lugar de Cubeliños s/n, Ribeira, que actualmente se atopa anegada de auga e en estado de abandono, polo que atendendo ao disposto pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG) e polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e da investigación realizada resultan como probados os seguintes feitos:

Primeiro.- A edificación que nos ocupa e que constiúe a segunda fase da licenza de obra nº 403/2006 se encontra en estado de abandono, o cal non chega ao 25% de execución do total.

Segundo.- O prazo de execución expirou o 12 de febrero de 2011, prazo no que remataba a prórroga de vinta e catro (24) meses concedida por unanimidade pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2009.

É o transcurso dos prazos de edificación o que xenera o feito causante de estar incurso nunha presunta declaración de caducidade, nembargantes para que ésta proceda é necesario que a inactividade sexa imputable ó titular da licenza, isto é, que a inactividade teña a súa orixe no vontade do titular da licenza, como é o caso que nos ocupa.

O establecemento dos prazos de edificación, constitúe unha cautela e unha protección do interese público para evitar o o que a xurisprudencia considera como “licenzas en carteira” que cun ánimo especulativo podería defraudar a finalidade pretendida pola Administración co acto de outorgamento da licenza.

No suposto que nos ocupa é un feito incuestionable que a data da emisión do presente informe as obras seguen paralizadas e en estado de abandono tal como sinala o arquitecto municipal Sr. Óscar Pidre Mosquera tras xirar visita de inspección ao lugar, tras a que emite o seguinte informe técnico con sinatura dixital de día 14 de maio de 2024

o que evidencia o transcurso de quince (15) anos coa obra paraxada por causa imputable á entidade promotora, polo que é evidente a existencia do feito causante da declaración de caducidade xa que ao estar implicado o interese público urbanístico non se pode admitir a vixencia indefinida da licenza de obra a favor do puro interese privado especulativo como é o caso.

Terceiro.- En base ao anterior proceder declarar a caducidade da licenza, o que finalmente extinguirá a licenza, non podéndose iniciar nin proseguir as obras se non se solicita e obtén unha nova axustada á ordenación urbanística en vigor.

SEGUNDO.- Os propietarios son titulares de un dereito subxectivo como é o dereito a edificar, que é implícito á condición de propietario, e que ven a ser controlado no seu exercicio, como consecuencia de un intervencionismo da Administración, a través dunha licenza urbanística, na forma menos restrictiva da liberdade individual artigo 6.2 do Regulamento de Servicios, para asegurar que o dereito a edificar non se leve a cabo en



contradicción co interese público, asumido polo ordenamento xurídico aplicable en cada suposto.

A licenza urbanística pode ser concedida suxeita ó cumprimento dunhas determinadas condicións, das que son preceptivas as condicións de carácter temporal, é dicir, toda licenza, de conformidade coa normativa urbanística municipal, deberá prever un prazo para comenzar as obras proxectadas e outro para rematalas.

O incumprimento de tales deberes ou condicións determinará a caducidade da licenza, e con ela, a extinción dos dereitos que a mesma outorga, polo que se incurrirá en caducidade si se incumprisen calquera destes prazos, si a obra non se iniciara no prazo fixado para a súa iniciación, e si a obra non finalizara no prazo previsto para a súa terminación.

TERCEIRO.- O artigo 145 da LSG regula a caducidade das licenza.

1. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

3. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

4. A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado.

CUARTO.- O artigo 359 da RLSG regula a caducidade das licenza.

1. As licenzas outorgaranse por un prazo determinado tanto para iniciar como para rematar os actos amparados por elas.

Os prazos para a iniciación e remate das obras computaranse desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza.

2. No acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (artigo 145.1 da LSG).

3. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado (artigo 145.2 da LSG).

4. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente (artigo 145.3 da LSG).

5. A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado (artigo 145.4 da LSG).

O procedemento de declaración de caducidade iniciarase de oficio polo concello que outorgou a licenza. O órgano competente para resolver pode adoptar medidas provisionais para a protección dos intereses públicos e de terceiras persoas, incluído o cesamento dos



actos de uso do solo ou do subsolo autorizados pola licenza, nos termos establecidos pola lexislación do procedemento administrativo común.

No procedemento darase audiencia á persoa titular da licenza. A resolución será motivada e notificarase nos termos previstos pola lexislación do procedemento administrativo común no prazo máximo de seis meses desde a notificación da iniciación do procedemento, transcorrido o cal este caducará e deberán archivarase as actuacións, de oficio o por solicitude da persoa interesada, quedando sen efecto as medidas provisionais que se tivesen adoptado.

O procedemento será arquivado no caso de que se xustifique a irregularidade que motivou a súa iniciación, e se proceda de inmediato a iniciar ou rematar as obras en prazo razoable a xuízo do órgano competente, agás que se aprecie reiteración ou reincidencia no incumprimento.

6. A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza. Unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Mentres non sexa outorgada, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, logo de autorización ou orde de execución por parte do concello.

Vistos os antecedentes obrantes no expediente, visto o informe emitido polo arquitecto municipal Sr. Óscar Pidre Mosquera con sinatura dixital o día 14 de maio de 2024 en virtude do disposto no artigo 145 da LSG e do 359 da RLSG da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/06/2024, coa conformidade do Secretario Xeral da Corporación, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade da licenza de obras nº 403/06 da que actualmente é titular a entidade CORAL HOMES S.L., no que respecta a segunda fase para executar un edificio de vinta e dous (22) vivendas, no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 15074A00701233, licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 5 de outubro de 2006, e que únicamente contaba con prórroga para a súa execución concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 12 de febreiro de 2009, por un prazo de vinta e catro (24) meses, isto é o prazo de execución expirou o 12 de febrero de 2011, ao transcurrir amplamente o prazo de execución das mesmas.

SEGUNDO.- A declaración de caducidade extingue os efectos da licenza. Unha vez notificada a caducidade da licenza, as obras non se poderán iniciar nin proseguir se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Mentres non sexa outorgada, non poderán realizarse máis obras que as estritamente necesarias para garantir a seguridade das persoas e bens e o valor do xa realizado, logo de autorización ou orde de execución por parte do concello

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados, entendendo como tales á entidade CORAL HOMES S.L e ao Sr. Juan Luis Pérez Rodríguez.



12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Manuel Conde Ferreiro

Visto o escrito presentado por **Manuel Conde Ferreiro**, de data 13/06/2024 (Registro de entrada nº 15.310), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A019008270000KQ e sita na Rúa Candexas nº 3, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 19/06/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A019008270000KQ e sita na Rúa Candexas nº 3, Ribeira.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Rosa María Bringas Millares

Visto o escrito presentado por **Rosa María Bringas Millares**, de data 29/05/2024 (Registro de entrada nº 13.536), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A003001490000KF e sita no Lugar do Vilar nº 20, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 21/06/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A003001490000KF e sita no Lugar do Vilar nº 20, Ribeira.

14.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – UFD Distribución Electricidad, S.A.

Visto o escrito presentado por **UFD Distribución Electricidad, S.A.**, de data 24/04/2024 (Registro de entrada nº 10.101), no que solicita certificación urbanística en relación á substitución dun CT en Dean Grande de tipo palomar, situado na parcela municipal de referencia catastral 15074A006007840000KF, por outro tipo rural prefabricado.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 16/04/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Visto o escrito presentado por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A. en fecha 24/04/2023, con rexistro de entrada no Concello de Ribeira nº10101, no que indican que están estudando a substitución do CT de Dean Grande de tipo palomar, situado na parcela municipal de referencia catastral 15074A006007840000KF, por outro tipo rural prefabricado, **infórmase** que, dado que xa existe un CT instalado en dita parcela, non se encontra inconveniente algún que impida autorizar o solicitado.



15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Miguel Ruiz Bermo

Visto o escrito presentado por **Miguel Ruiz Bermo**, de data 19/06/2024 (Registro de entrada nº 15.848), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 0718013NH0101N0005XK e sita na Rúa de Galicia, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/06/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0718013NH0101N0005XK e sita na Rúa de Galicia, Ribeira.

16.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Luisa Inglada Ramos

Visto o escrito presentado por **María Luisa Inglada Ramos**, de data 17/06/2024 (Registro de entrada nº 15.570), no que solicita certificación urbanística en relación á edificación con refª catastral nº 0722205NH0102S0004SL e sita no Paseo das Carolinas nº 4, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/06/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación con refª catastral nº 0722205NH0102S0004SL e sita no Paseo das Carolinas nº 4, Ribeira.

17.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – María Teresa Iglesias Iglesias

Visto o escrito presentado por **María Teresa Iglesias Iglesias**, de data 17/06/2024 (Registro de entrada nº 15.570), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A03501841 e sita en Rúa Carolo, Palmeira.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 25/06/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Consultados PXOM, documentación catastral, Inventario de vías do Concello de Ribeira, e realizadas as comprobacións oportunas, pódese informar que a finca con refª catastral nº 15074A03501841 **non linda polo Oeste con camiño público**.



18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

1952 24.01.2024 JOSÉ CARLOS CAÑESTRO LIJÓ, primeira ocupación para edificación situada na rúa da Chouza, nº 18, Ameixida.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera (O DA RUBIA)

VISTO o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera**, en representación do establecemento “Bar O da Rubia” (Ribeira), de data 19/06/2024 (Rexistro de entrada nº 15.804), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 29/06/2024, en horario de 16:00 h. a 20:00 h., co motivo da celebración das Festas de Bandourrío.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Verónica Elena Nogueira Carrera**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 29/06/2024, en horario de 16:00 h. a 20:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar O da Rubia” (Ribeira) (**Verónica Elena Nogueira Carrera**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente*



exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)

- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederá a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



**20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA –
Mónica Santamaría Abeijón (CARBALLOSA CAFETERÍA, S.L.)**

VISTO o escrito presentado por **Mónica Santamaría Abeijón**, en representación do establecemento “Cafetería Carballosa” (Ribeira), de data 24/06/2024 (Rexistro de entrada nº 16.287), no que solicita permiso para evento musical con cea no establecemento hostaleiro “Cafetería Carballosa” (Ribeira), o día 29/06/2024, en horario de 23:00 h. a 02:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Mónica Santamaría Abeijón Carrera, para evento musical con ceano establecemento hostaleiro “Cafetería Carballosa” (Ribeira), o día 29/06/2024, en horario de 23:00 h. a 02:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Cafetería Carballosa” (Ribeira) (Mónica Santamaría Abeijón), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
